



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA VICEPRESIDENCIA Y CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA DE LA XUNTA DE GALICIA Y FARMACÉUTICOS MUNDI PARA EL PROYECTO “FORTALECER LOS RECURSOS LOCALES DE PREVENCIÓN Y PROTECCIÓN DE LAS MUJERES Y NIÑAS SUPERVIVIENTES DE VIOLENCIA SEXUAL (VS) Y VIOLENCIA BASADA EN EL GÉNERO (VBG) EN LOS ASENTAMIENTOS INFORMALES DE POBLACIÓN REFUGIADA EN EASTLIEGH NORTH, NAIROBI, BAJO UN ENFOQUE DE RESTITUCIÓN INTEGRAL Y PROMOCIÓN DE LOS DERECHOS SEXUALES Y REPRODUCTIVOS (DSR)”

(1) Consonte a Resolución publicada no Boletín Oficial del Estado de 4 de agosto de 2018 faise público o Acordo do Consello de Ministros polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante do crédito para o desenvolvemento do *Pacto de Estado contra a violencia de género* polas CC.AA, tendo en conta as súas competencias na materia.

No caso de Galicia o Estado puxo a disposición estes créditos no orzamento da Secretaría Xeral de Igualdade quen, dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado refírense a competencias específicas sectoriais de distintos organismos, puxo a disposición destes organismos os fondos necesarios para a execución das medidas correspondentes. Entre ditos organismos se atopa a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que colaborará no cumprimento das medidas 36 e 37 do Pacto de Estado.

A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia e o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes:

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia (tanto a través da extinta Fundación Axencia Humanitaria de Galicia como a través da D.X. de Relacións Exteriores e coa UE) vén colaborando con Farmacéuticos Mundi para levar a cabo actuacións de axuda humanitaria e



de emerxencia mediante a dotación dun fondo para emerxencias que permita unha resposta rápida nas emerxencias acaecidas.

Farmacéuticos Mundi que é unha entidade sen ánimo de lucro e que ten entre os seus fins sociais levar a cabo actuacións de acción humanitaria e de emerxencia no ámbito farmacéutico e humanitario para axudar ás poboacións máis desfavorecidas dos países en vías de desenvolvemento, vítimas de catástrofes de orixe natural ou humano. Así mesmo, xestiona o envío de medicamentos, material sanitario ou de primeira necesidade a poboacións con carencias neste tipo de suministros. Para elo, esta ONGD garantiza o cumprimento da normativa internacional ditada pola OMS.

(3) A finalidade deste convenio é a de establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade FARMAMUNDI para a execución do proxecto “Fortalecer os recursos locais de prevención e protección das mulleres e nenas supervivintes de violencia sexual (VS) e violencia baseada no xénero (VBG) nos asentamentos informais de poboación refuxiada en Eastliegh North, Nairobi, baixo un enfoque de restitución integral e promoción dos dereitos sexuais e reproductivos (DSR), en cumprimento de la medida 37 del Pacto de Estado contra la violencia de género, por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

(4) O convenio ten por obxecto contribuir a la promoción del derecho a la salud y a una vida libre de violencia de las mujeres y niñas refugiadas en Nairobi, mediante el fortalecimiento de los recursos locales de prevención y protección de las mujeres y niñas supervivientes de VS y VBG en los asentamientos informales de población refugiada en Eastliegh North, Nairobi, bajo un enfoque de restitución integral y promoción de los DSR.

(5) Tendo en conta as especificidades deste convenio enmarcado *no Pacto de Estado contra a violencia de xénero* e as que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente





posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de corenta mil euros (40.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Firmado electronicamente en Santiago de Compostela

